

ACTIVIDADES REALIZADAS DURANTE 1991 E 1992

As actividades desenvoladas pola Asociación durante o ano 1991, ademais da edición do número 1 do Boletín da Asociación «Croat», podense resumir na compra de olas de imitación de cerámica castrexa co fin de poñelas á venda; a asistencia de dúas representantes da Asociación á Reunión da Federación Española de Amigos de los Museos (FEAM), celebrada na Coruña os días 28, 29 e 30 de Xuño, con presentación dunha ponencia na mesma; e a realización de dúas viaxes culturais: unha a Portugal (Briteiros, Coimbra, Conímbriga, Sta. Luzía, etc.), e outra á provincia de Ourense (Mosteiro de Oseira e conxunto de Ribadavia), no mes de Maio e Novembro respectivamente.


No ano 1992 volvéronse a encargarse reproducións de olas de imitación de cerámica castrexa así como diferente material de difusión cultural para a súa distribución gratuita ou venda: edición de calendarios, adhesivos e separadores, chaveiros metálicos co anagrama da Asociación e tiras de postais referentes ó xacemento e Museo de Viladonga.

Desenrolouse un ciclo de conferencias sobre «Arqueoloxía e Medio Natural» (en colaboración co Museo de Vilalba) para conmemorar o Día Mundial dos Museos e o Día das Letras Galegas (Maio, nas Salas do Arquivo Histórico Provincial de Lugo).

Fíxose tamén unha viaxe de contido artístico, arqueolóxico e etnográfico as Ribeiras do Miño e do Sil no mes de Maio (Terra de Lemos, Ribas de Sil, S. Pedro de Rocas, etc.).



¡somos os seus amigos!



18 de MAIO
DÍA MUNDIAL DOS
MUSEOS
Foto do xacemento do Castro de Viladonga

¡cónócenos!



Asociación de Amigos do Museo
do Castro de Viladonga

18 de MAIO
DÍA MUNDIAL
DOS MUSEOS



Museo arqueolóxico
do Castro de Viladonga